Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 20/03/2024 12:07:56
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Deputación Permanente
Número 8

Sesión da Deputación Permanente
29 de xaneiro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-OJSBEFA6V-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto único. Solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente

— Escrito de seis deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, pertencentes á Deputación Permanente, polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente (doc. núm. 63916; 11/SCDP-000013).

CSV: BOPGDSPG-OJSBEFA6V-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás once e dous minutos da mañá.

O señor presidente abre a sesión da Deputación Permanente e prégalle á señora secretaria que comprobe a asistencia. (Páx. 4.)

A señora secretaria (Prado Cores) comproba a presenza dos membros da Deputación Permanente coa confirmación das substitucións producidas. (Páx. 4.)

Logo de verificada a existencia de quórum, o señor presidente comeza co desenvolvemento da orde do día, que consta dun punto único cunha solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente.

Solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente, presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, co obxecto de que compareza o presidente da Xunta de Galicia para explicar as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante dos incumprimentos de Alcoa-San Cibrao e a ameaza de peche da factoría. (Punto único da orde do día.)

Rolda do grupo parlamentario propoñente: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 5.)
Rolda dos grupos parlamentarios non propoñentes: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 7.) *e Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 11.)
Rolda de peche do grupo parlamentario propoñente: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 14.)

Votación da solicitude de convocatoria da Deputación Permanente

Votación da solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente, presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, co obxecto de que compareza o presidente da Xunta de Galicia para explicar as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante dos incumprimentos de Alcoa-San Cibrao e a ameaza de peche da factoría: *rexeitada por 10 votos a favor, 13 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 15.)

Remata a sesión ás once e corenta e catro minutos da mañá.

CSV: BOPGDSPG-OJSBEFA6V-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás once e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese esta sesión da Deputación Permanente. A orde do día está publicada xa no *Boletín Oficial do Parlamento*. Non se xustificaron inasistencias, e prégolle a dona María Monserrat Prado Cores, secretaria da Deputación Permanente, que proceda á comprobación das asistencias.

A señora SECRETARIA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE (Prado Cores): Bo día.

Luis Manuel Álvarez Martínez. *(Substituído por Patricia Otero Rodríguez.)*
Raquel Arias Rodríguez. *(Substituída por Xosé Manuel Balseiro Orol.)*
Xosé Luís Bará Torres. *(Substituído por Alexandra Fernández Gómez.)*
Diego Calvo Pouso. *(Substituído por Carmen María Pomar Tojo.)*
María Sol Díaz Mouteira. *(Si.)*
María Begoña Freire Vázquez. *(Si.)*
María Leticia Gallego Sanromán. *(Si.)*
José Alberto Pazos Couñago. *(Si.)*
Rosana Pérez Fernández. *(Si.)*
Noelia Pérez López. *(Si.)*
Ana Pontón Mondelo. *(Substituída por Paulo Ríos Santomé.)*
María Corina Porro Martínez. *(Si.)*
Paula Prado del Río. *(Substituída por Rubén Lorenzo Gómez.)*
Noa Presas Bergantiños. *(Substituída por Iria Carreira Pazos.)*
Olalla Rodil Fernández. (*Si*)
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo. *(Si.)*
Alfonso Rueda Valenzuela. *(Substituído por Fernando Pérez Domínguez.)*
Cristina Sanz Arias. *(Si.)*
Julio Torrado Quintela. *(Si.)*

Borja Verea Fraiz. *(Substituído por Moisés Rodríguez Pérez.)*

Están presentes, ademais, Miguel Ángel Santalices Vieira, María Elena Candia López e María Monserrat Prado Cores, como presidente, vicepresidenta e secretaria respectivamente. Polo tanto, hai quórum, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O debate vaise ordenar do seguinte xeito: primeiro, unha rolda de defensa do grupo parlamentario propoñente —por un tempo de dez minutos—, unha rolda dos grupos parlamentarios non propoñentes para fixar a súa posición —tamén por un tempo de dez minutos—, e unha rolda de réplica para o grupo propoñente por un tempo total de cinco minutos.

CSV: BOPGDSPG-QJSBEFA6V-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente, presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, co obxecto de que compareza o presidente da Xunta de Galicia para explicar as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante dos incumprimentos de Alcoa-San Cibrao e a ameaza de peche da factoría

O señor PRESIDENTE: Entón, se lles parece, comezamos.

Ten a palabra en primeiro lugar, como grupo propoñente, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e, concretamente, a señora dona Olalla Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Efectivamente, hoxe desde o BNG solicitamos a reunión da Deputación Permanente para a comparecencia urxente do, de momento, presidente da Xunta de Galiza para explicar as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da situación de crise que se está a producir na Mariña, e especialmente para garantir o mantemento dos postos de traballo e a actividade industrial na fábrica de aluminio que ten Alcoa en San Cibrao. E, se me permiten, vou facer un pouco de memoria para intentar contextualizar a situación na que nos atopamos agora mesmo.

Todo o mundo sabe aquí dentro desta Cámara que temos en San Cibrao a única fábrica de aluminio primario non só de Galiza senón do Estado español, e unha das poucas que hai en Europa. É unha fábrica propiedade —despois dun proceso de privatización— dunha empresa multinacional de base estadounidense, Alcoa, que leva anos ameazando co peche desa fábrica de aluminio argumentando dificultades económicas do conxunto do grupo empresarial —moi especialmente do complexo industrial de alúmina e de aluminio en San Cibrao— e, sobre todo, un custo excesivo do prezo da electricidade, que, como todo o mundo sabe, no proceso de fabricación do aluminio é un insumo e unha materia prima máis.

Despois de anos de ameazas, no ano 2020 Alcoa presenta un ERE, un expediente de regulación de emprego, para despedir e destruír 534 postos de traballo directos máis case 1.000 se sumamos todos os traballadores e traballadoras que dependen directamente de Alcoa e da fábrica de aluminio, aínda que son traballadoras e traballadores doutras industrias auxiliares. Foi un ERE que foi paralizado despois dun inxente esforzo do cadro de persoal, das traballadoras e dos traballadores, e tamén das súas centrais sindicais, porque conseguiron paralizar ese ERE por unha decisión xudicial do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, avalada posteriormente polo Tribunal Supremo, dada a mala fe coa que actuara, como se viu, a empresa multinacional.

Despois diso, os traballadores e Alcoa asinaron un acordo polo cal se paralizaba a actividade da planta de aluminio, deixaba de producirse aluminio en San Cibrao, pero co compromiso de iniciar o rearranque da actividade a comezos de 2024. Iniciaríase agora, entre xaneiro e abril de 2024, o rearranque de 32 cubas, dun total de máis de 500, co horizonte de que a fábrica tivese unha actividade máis ou menos normalizada en outono de 2025. E polo camiño

CSV: BOPGDSPG-QJSBEFA6V-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

—que eu creo que é un elemento importante para ter en conta agora mesmo— a empresa, Alcoa, iniciaría unha serie de investimentos, fundamentalmente a construción dun novo forno de ánodos, que a nós nos pode parecer unha cousa así moi estraña pero que é esencial para o mantemento da actividade de produción de aluminio en San Cibrao.

A semana pasada, Alcoa anunciaba que non ía cumprir os compromisos asinados co comité de empresa e ameazaba —como tantas outras veces e sempre coincidindo con campañas electorais— con que ía pechar a fábrica. Os traballadores non lle deron o que pedía, que era máis tempo. Porque eu creo que a estas alturas xa nos imos coñecendo todas e todos, e darlle máis tempo a Alcoa significa seguir alongando unha agonía que leva demasiado tempo pairando encima das traballadoras e dos traballadores de San Cibrao.

Hoxe, polo que imos vendo polos medios de comunicación, o que sabemos é que Alcoa ao final vai comezar os traballos de reinicio de dúas cubas, co horizonte de que, a partir de abril de 2024, estarán funcionando esas 32 que tiña comprometidas cos traballadores e coas traballadoras. Pero volvía outra vez —ao tempo que anunciaba que empezaba a quentar outra vez esas dúas cubas— a ameazar con que o horizonte a longo prazo en San Cibrao é que a produción de aluminio non está garantida. E aseguraba, ademais, que iso de rearrancar agora as cubas o único que facía era que os fondos que Alcoa-Estados Unidos tiña destinados ao complexo industrial de San Cibrao se esgotasen antes.

Se desde o BNG pedimos hoxe esta comparecencia do presidente —de momento— da Xunta de Galiza, nesta situación que, como todo o mundo sabe, é de inflexión porque estamos nunha Deputación Permanente e non hai unha actividade normalizada até as eleccións do próximo mes de febreiro, é porque cremos necesario que o Goberno galego dea explicacións do que está a acontecer, que se transmita de maneira directa a esta Cámara, que exerce a soberanía do pobo galego até que non se renove, e que dea explicacións de primeira man do que está a acontecer, da información que se transmitiu nas distintas reunións que houbo ao longo destes días; e, sobre todo, do que vai facer, de cal é a folla de ruta que ten este goberno —polo menos, de momento— para garantir algo que para nós é esencial: o mantemento, por suposto, dos postos de traballo en San Cibrao pero, sobre todo, a produción de aluminio primario en Galiza e, por conseguinte, no Estado español.

E, nese sentido, desde o BNG cremos que os gobernos —o da Xunta, por suposto, porque ten as competencias en materia industrial, pero tamén o español— deben, en primeiro lugar, exixir á empresa o cumprimento do que non son os seus compromisos senón do que é a súa obriga. E a súa obriga, insisto, non é só rearrancar cubas, senón desenvolver en San Cibrao os investimentos que ten comprometidos —nomeadamente ese forno de ánodos—; do contrario —e digo e subliño moito isto—non temos garantía ningunha de que aí se vaia manter a actividade industrial.

En segundo lugar, hai que garantir o mantemento desa actividade nun sector que é estratéxico para o presente, polo que representa en volume de traballadoras e traballadores, pero sobre todo para o futuro. Falamos do aluminio, que pode parecer unha cousa así moi vella pero que realmente vai ser un dos materiais determinantes no proceso de transición enerxética que se está a producir no mundo. E todas e todos sabemos —e creo que algo nos

CSV: BOPGDSPG-OJSBEFA6V-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

demostrou a pandemia— que, cando tu non produces algo e tes que compralo fóra, estás ao albur dun contexto internacional cada vez máis inestable. Por iso insisto en manter como sector estratéxico o aluminio nunha fábrica que é a única que existe de aluminio primario no Estado e das poucas que existen en Europa.

Aí no BNG temos claro que a única maneira de ter garantías de que se vai manter esa actividade industrial é que as administracións, a Xunta de Galiza e o Goberno do Estado español, inicien o que cremos que é a única solución integral á situación que leva existindo, de crise permanente, en San Cibrao, que é unha intervención pública pilotada —insisto— a dúas bandas polas administracións, tanto pola Xunta como polo Goberno, despois de que se acometan os investimentos que Alcoa ten a obriga de acometer en San Cibrao. E dicimos isto porque en ningún país pode estar pairando sobre el constantemente esa ameaza de destruír un dos principais centros de traballo; porque 534 postos de traballo directos é unha barbaridade de postos de traballo, pero é que, ademais, é das poucas industrias que temos xa non digo na comarca da Mariña senón na provincia de Lugo e, por desgraza, tamén no conxunto do país.

Cremos, ademais, que esa intervención é a única garantía para manter a actividade industrial e acabar cunha situación de ameaza permanente que leva demasiado tempo sobre A Mariña, porque, se nos remontamos atrás, estamos xa con esta ameaza de destrución de postos de traballo e de peche da fábrica desde o 2016. E o que temos claro no BNG é que non pode pasar en San Cibrao —e nisto insisto moito— o que xa aconteceu na Coruña e en Avilés. Nin Galiza nin o conxunto do Estado poden permitirse perder unha fábrica que xera máis de 500 traballos directos, máis de 1.000 coas empresas auxiliares, o que representa un terzo da riqueza que se xera en toda a provincia de Lugo e que é a única de produción de aluminio primario de todo o Estado español.

Galiza precisa máis músculo industrial, non perder o pouco que ten. E para iso non hai que gañar tempo —que é o que intenta facer Alcoa— nin buscar parches, senón buscar solucións integrais e estruturais. E aí o Goberno galego, a Xunta de Galiza, ten moitísimo que dicir, porque temos as competencias en política industrial. Estamos nun período —dicíao antes— de inflexión. Obviamente, estamos a medio gas, o Parlamento está con esta Deputación Permanente, pero cremos de verdade dende o BNG que a ameaza de que a fábrica de aluminio de San Cibrao poida pechar é de tal magnitude para o conxunto de Galiza, non só para Lugo, senón para o conxunto de Galiza, que o Goberno debe comparecer e, sobre todo, poñer luz e taquígrafos sobre a situación na que nos atopamos e sobre a folla de ruta que teña —polo menos, de momento, de aquí aos próximos meses de febreiro e marzo—.

De momento, pola miña banda, nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días.

CSV: BOPGDSPG-OJSBEFA6V-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dicía a señora Rodil que levamos con esa ameaza de peche, de perdas de postos de traballo, polo menos dende o ano 2016. Eu creo que incluso dende antes. Eu recordo incluso saír manifestacións á rúa alí na Mariña dende moito antes do 2016. E nós estivemos e estamos onde estivemos sempre: a carón dos traballadores e traballadoras de Alcoa de San Cibrao. Témolo demostrado en diversas ocasións dende o PSdeG, xa nese momento en que subscribiron o acordo entre os propios traballadores e a multinacional e tamén nese momento que sinalaba a señora Rodil da ameaza de ERE do ano 2020, no que dicía que se logrou dobregar a decisión dunha multinacional. Dende o Bloque Nacionalista Galego falaban do labor dos traballadores e das representacións sindicais —encomiable, dende logo—, pero tamén aí hai que recoñecer o traballo das administracións. E falo da Xunta de Galicia e do Goberno central, que, cos seus informes, foron quen tamén de dobregar esa decisión da multinacional. Polo tanto, eu considero que a unidade nestes tempos tamén é fundamental. E repito que nós estaremos sempre acompañando o que están a reclamar hoxe en día os traballadores, que non é unha intervención o que están a reclamar neste momento senón o cumprimento do acordo adoptado por eles mesmos e a propia multinacional. E así o volveron demostrar o pasado venres despois da celebración desa mesa de seguimento do acordo —celebración impulsada polo Goberno central—. Aí volvían pedir os traballadores que se lle exixa a Alcoa o cumprimento do acordo. Polo tanto, nós pedimos o mesmo que piden eses traballadores: que se cumpra ese acordo adoptado polos traballadores. Iso sempre foi respectado por este grupo, polo grupo do PSdeG. De feito, os traballadores sempre foron acompañados polo PSdeG neste camiño. Por certo, o acordo non foi respectado sempre por outros partidos. Eu recordo as palabras do por aquel entón vicepresidente da Xunta de Galicia, o señor Conde, cando criticaba o acordo adoptado polos traballadores. E mesmo o Bloque Nacionalista Galego naquel momento tampouco respectaba os tempos dese acordo lexitimamente adoptado polos traballadores. Digo que non respectaban os seus tempos porque no acordo non ía a intervención, e o mesmo día o Bloque Nacionalista Galego —o mesmo día que os traballadores asinaban ese acordo coa multinacional— estaban a exixir como única solución a intervención.

E —repito— nós seguimos aquí, no que piden os traballadores. Seguimos a respectar —como non pode ser doutro xeito— a vontade dos traballadores. E creo que todos e todas debemos centrar os nosos esforzos neste momento nese camiño. Agora estamos no momento en que as propias administracións lle exixan a Alcoa que cumpra coas administracións, dende logo, pero tamén —e o máis fundamental— cos traballadores e as traballadoras. Alcoa debe cumprir os compromisos adquiridos cos traballadores e, dende logo, garantir a reapertura da planta de aluminio de Alcoa en San Cibrao. Vimos nos últimos tempos, nos últimos días, como ían tendo cambios de opinión. Primeiro querían prorrogar ese rearranque das cubas. Hoxe parece que empezan con eses traballos para que ese rearranque sexa unha realidade pero a factoría agora alega dificultades económicas para podelo levar adiante. Por iso, dende o propio Ministerio o que se solicita á multinacional é que concrete esa información para coñecer realmente cales son as necesidades e estudar que instrumentos financeiros e de investimento son os mellores para, dende logo, poder salvar eses postos de traballo. Aí hai mecanismos como, por exemplo, ese PERTE da descarbonización. Pero é a propia empresa a que ten agora que seguir a dar pasos. Polo tanto, eu creo que é moi coherente e moi responsable a posición do Ministerio de Industria, a de que, antes de adoptar calquera decisión, lle pida á empresa información, que acredite esa situación financeira que di que está a pasar e que a propia empresa determine as necesidades. Pero, dende logo, aí está o ofrecemento do Goberno

CSV: BOPGDSPG-OJSBEFA6V-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

central de todos os instrumentos dos que dispón para poder afrontar esta situación e, dende logo, garantir os postos de traballo, que a nós é o que nos preocupa.

Os traballadores —e así o recoñeceron recentemente— saben do compromiso firme do Goberno de traballar para que un sector estratéxico como é o aluminio siga en España, siga en Galicia e, dende logo, siga na miña comarca, na Mariña. Polo tanto, o Ministerio está a pedir claridade para saber realmente o que está a acontecer. Non só se trata do que di a empresa que está a acontecer senón de que o acredite con probas, e despois tomaranse as medidas. Tampouco —como se dixo por boca dos responsables do Ministerio— se descarta ningunha medida, nin sequera a intervención. Pero cremos que neste momento estamos noutro escenario. Agardo tamén altura de miras dos outros partidos políticos e que respalden —como non pode ser doutro xeito— a exixencia dos traballadores de respectar o que pediron e o que votaron, que non é outra cousa que que se cumpra o acordo. Pero —como dicía— non descartamos ningunha medida.

A verdade é que eu onte lía unhas afirmacións do actual presidente da Xunta de Galicia que parecían ir na liña do Goberno central, porque afirmaba que apoiaría unha intervención impulsada polo Goberno —iso si, se era conveniente—, pero que primeiro debía poñerlle as cousas claras á empresa para cumprir os compromisos. E hai uns días lía unhas declaracións do actual presidente da Xunta de Galicia, que dicía: «Imos ter que ir todos unidos» —son declaracións textuais do señor Rueda—. «Nin sequera neste momento electoral —aínda que algún puidese ter tentacións— debemos desviar a atención sobre o fundamental, que é pedirlle á empresa que cumpra cos seus compromisos». Na súa opinión —na opinión do señor Rueda— sería un tremendo error buscar algún rédito político desta situación. E nós non podemos máis que concordar co señor Rueda. Pero, claro, apareceu a señora Candia —coma sempre, galopando na primeira liña da demagoxia e do populismo e intentando sacar tallada política coas súas declaracións, ao que nos ten moi acostumados na miña provincia— e foi por outros derroteiros, dicindo incluso que o Partido Socialista era o que estaba a desmantelar Alcoa e que tiña que vir o Partido Popular salvar os traballadores de Alcoa do Partido Socialista. Polo tanto, ¿a quen lle facemos caso, señorías do Partido Popular, á conselleira Lorenzana e á lideresa de Lugo do Partido Popular, que emprega calquera fórmula para sacar tallada política por puro oportunismo político, ou ao presidente da Xunta de Galicia? Aclárense, señorías do Partido Popular, porque non entendemos en que están a traballar vostedes.

E no relativo á intervención, parece que para o Bloque Nacionalista Galego é a única medida para salvar os postos de traballo de Alcoa. Non lle gusta o acordo que adoptaron os traballadores, van por outros derroteiros. O acordo non fai referencia á intervención; polo tanto, é acordo ou intervención. E vostedes, que levan moitísimo tempo reclamando esa intervención, imaxino que saberán que esa operación estaría pagada con diñeiro de todos os españois e, por suposto, de todos os galegos e de todas as galegas. Imaxino tamén que, despois de tanto tempo pedíndoa —repito— como única proposta do Bloque Nacionalista Galego para salvar os postos de emprego de Alcoa, terán vostedes calculado canto supón economicamente esa operación. Eu agradecería que despois a señora Rodil me respostase, dentro da súa rigorosidade. Para que iso non quede só nun slogan do BNG, terano economicamente valorado, supoño. E tamén agardo que nos aclaren —porque imaxino que tamén o terán máis que estudado e analizado— que tipo de intervención é a que propón o

CSV: BOPGDSPG-OJSBEFA6V-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bloque Nacionalista Galego. ¿Sería unha intervención temporal?, ¿unha nacionalización?, ¿unha participación no capital desa sociedade? Porque vostedes agora están poñendo moitas veces como exemplo o de Telefónica. Pero vostedes ¿calcularon, no caso de Alcoa —co número de socios que ten esta multinacional—, cal sería o tanto por cento necesario para poder participar nesa empresa? Son preguntas que lanzo e agardo que na réplica do Bloque Nacionalista Galego se nos dea resposta a elas.

Tamén quero pensar que tiveron en conta, á hora desa análise rigorosa sobre a intervención, que existen determinadas regras de competencia da Unión Europea que deben ser respectadas. Polo tanto —repito—, agradezo que na súa segunda réplica nos contesten a elas; se non, a verdade é que pouco ou nada traballaron nisto durante todos estes anos e o único que fan con esas declaracións é dar un balón de oxíxeno a aqueles que realmente queren que se peche esta factoría e, por outro lado, debilitar os traballadores e as traballadoras de Alcoa ao meterse a cuestionar o acordo que eles mesmos lexitimamente adoptaron nese momento.

Nós —como dicía— non evitamos ningún tipo de decisión, incluso a intervención. Desbótase polo momento pero, se se acredita que é necesaria esta medida, dende logo que se valorará.

E tamén no relativo á intervención, quero preguntarlles ás señorías do Partido Popular —xa que o señor Rueda dixo que apoiaría esa intervención de ser conveniente— se está a Xunta de Galicia disposta a contribuír con fondos propios. A verdade é que me chama poderosamente a atención que o Partido Popular incluso apoie unha intervención dunha empresa que privatizou o propio Partido Popular cando era unha empresa pública. Pero, bueno, xa non nos sorprende nada do Partido Popular. ¿Cal sería o xeito de apoiar esa intervención? Por iso, dende logo, que a nós nos gustaría que o actual presidente do Goberno nolo aclarase, que nos aclarase iso e que nos aclarase como está a cumprir tamén a Xunta de Galicia a parte do acordo que é da súa competencia. ¿Como está a presionar a Xunta de Galicia a Alcoa para que cumpra os seus compromisos? ¿Que datos barallan, despois de reiterados incumprimentos por parte da Xunta de Galicia, para ter lista esa autorización de ampliación da balsa de lodos vermellos? Porque todos sabemos que a multinacional e a factoría de Alcoa ten dúas plantas..:,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ... a de aluminio e a de alúmina —remato, presidente—, e todos sabemos que a planta de alúmina, sen esa autorización de ampliación da balsa de lodos vermellos, ten unha data de caducidade.

Tamén nos gustaría que nos aclarase o señor Rueda, o actual presidente da Xunta de Galicia, a que declaracións temos que facerlle caso, se ás que fai el mesmo ou ás que fai a conselleira ou esa experta en anónimos da nosa provincia.

Por estas e máis cuestións, apoiaremos hoxe a solicitude que fai o Bloque Nacionalista Galego de que compareza o señor Rueda perante esta Deputación Permanente do Parlamento galego e que nos relate as medidas en que está a traballar para garantir os postos de traballo desta

CSV: BOPGDSPG-OJSBEFA6V-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

factoría en San Cibrao, porque realmente é o que nos preocupa, os postos de traballo directos e tamén os postos de traballo indirectos, como dicía a señora Rodil.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, neste mesmo momento que ten lugar este debate, miles de familias traballadoras da Mariña lucense teñen a mirada posta na fábrica de aluminio de Alcoa. Están pendentes de que se cumpra o acordo e de que se inicien os traballos para reincorporar as cubas ao sistema eléctrico, dous anos despois desde xaneiro de 2022, data na que se apagaron as cubas e cesou a actividade da única fábrica de aluminio primario do noso país —a única en Galicia pero a única tamén no conxunto de España—.

Iníciase o camiño para recuperar a produción dun metal esencial para moitos sectores, como o da construción, o automobilístico, o farmacéutico, para a industria alimentaria e para a depuración de augas residuais, entre outros. Falamos de recuperar a produción dunha industria, a de aluminio primario, declarada no seu momento como esencial durante a pandemia; polo tanto, dunha industria estratéxica que merece e exixe ser tratada con esta consideración. Nin podemos nin debemos permitirnos o luxo de non recuperar a única fábrica de aluminio primario que queda en España. E para lograr isto temos que estar todos á altura, a empresa, as institucións e os partidos políticos, todos sen excepción. Non é o momento de improvisacións nin é un momento de ocorrencias, cómpre actuar con lealdade, cómpre actuar con apoio aos miles de traballadores de Alcoa e ás súas familias. Hai que actuar con rigor, actuar con seriedade, actuar cunha estratexia conxunta e con medidas que sexan legalmente viables nas que se poñan por diante o emprego e a actividade industrial da comarca da Mariña lucense. O exemplo témolo moi de preto co acontecido a semana pasada. A empresa non quería retomar a produción pero rectificou froito da presión conxunta dos traballadores e do seu comité, que —permítanme dicilo— están a ter un comportamento exemplar a pesar de que son momentos duros, de que son momentos incertos e a pesar do cansazo —que claro que teñen ese cansazo— que para todos eles supón ver cuestionado o seu futuro cada ano, cada mes e incluso algunhas veces ata cada día.

E tamén foi posible pola acción conxunta das administracións, e ese debe ser o camiño seguir. Neste punto quero poñer en valor o traballo feito pola conselleira de Economía, da señora María Jesús Lorenzana, que actuou con rapidez e que actuou con contundencia, que foi clara, que foi transparente no posicionamento da Xunta de Galicia, no posicionamento do Goberno de Galicia, e que, a horas de coñecer a pretensión da multinacional —é dicir, de Alcoa— de frear o arranque, se reuniu co comité —concretamente o día 22—, pediu convocar a mesa de seguimento de Alcoa e exixiu a implicación do Goberno de España a través dos ministerios que teñen competencia.

CSV: BOPGDSPG-OJSBEFA6V-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Con todo, todo este proceso, señorías, suscita hoxe máis incertezas do que suscita esperanzas. Suscita incertezas pola actitude da empresa, que está obrigada a ser transparente, a concretar o seu plan de negocio, que está obrigada a cumprir todos os compromisos adquiridos sen escusas e sen improvisacións. E no caso de que non o faga, xa lles adianto —e téñano por seguro— que o Partido Popular con toda a forza do Goberno de Galicia, da Xunta de Galicia, imos estar vixiantes —e apoiarémolo con todas as ferramentas e competencias ao seu alcance— para que cumpra. E cando digo «todas» digo «con todas», incluída a intervención da empresa, ¡incluída a intervención da empresa! Porque a Xunta xa dixo, e ratificámolo hoxe aquí como compromiso político, que apoiaremos unha intervención temporal de Alcoa. Esta decisión, que corresponde adoptar, por suposto, a quen ten as competencias, que neste caso é o Goberno de España, como fixo con outras empresas —hai antecedentes con outras empresas tamén estratéxicas, como foi Telefónica ou como foron varias aeroliñas—, contará co acompañamento da Xunta de Galicia.

Pero tamén é innegable —e temos que ser claros, temos que falar claro para que nos entendan ben— que a incerteza non só ten que ver co comportamento da empresa. Advertimos desde o Grupo Parlamentario Popular ata a saciedade, e lamentablemente temos que dicir que sen moito éxito, que aquí non estamos ante un problema industrial, señorías —primeiro erro—. Aquí estamos ante un problema enerxético. O problema é que o prezo que paga Alcoa en San Ciprián é tres veces máis do que paga en Francia ou do que paga en Alemaña. Polo cal non estamos ante un problema industrial, estamos ante un problema enerxético neste momento. E a viabilidade desta industria depende de que sexamos capaces de garantir un marco eléctrico estable e competitivo. E mentres non teñamos isto claro, perdémonos. E esa é competencia que ten en exclusiva o Goberno de España e sobre a que vostedes, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, non fixeron os seus deberes —cando menos, non fixeron o que dixeron que ían facer—.

Pedímolo por activa e por pasiva, incluso por unanimidade, neste Parlamento, onde defendín múltiples iniciativas nesta Cámara nese sentido —defendémolo o Grupo Parlamentario Popular—. E dixemos que era un camiño contrarreloxo. Vostedes rían cando diciamos que era un camiño contrarreloxo hai tres ou catro meses no Pleno deste Parlamento. Dixemos que era un camiño contrarreloxo e que había que darse présa, había que darse présa. E os ministerios, dous anos despois, non cumpriron, nin elaboraron un estatuto especial para as industrias electrointensivas nin esgotaron todas as axudas e compensacións para esta industria nin foron capaces de autorizar en prazo, en tempo e forma os parques eólicos que necesita Alcoa para abaratar a factura da luz, que non están construídos dous anos despois. E perderon. A Xunta si foi capaz de autorizalos en tempo e en forma no trámite que lle corresponde, traballando con compromiso, traballando con rigor e, sobre todo, con moito esforzo, que é o que requiren estas cousas.

E agora anuncian vostedes, o Goberno de España, un real decreto... Vostede ría, señora Otero, pero agora voulle explicar por que estaba dicindo iso. Agora anuncian un real decreto para intentar corrixir esa desfeita que fixeron vostedes e que aínda está pendente de desenvolver. Teñen que darlle a este asunto a prioridade que os traballadores de Alcoa merecen, a prioridade que os traballadores de Alcoa merecen e que non lla deu o Goberno de España.

CSV: BOPGDSPG-OJSBEFA6V-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, hoxe quería falar de unidade e quería falar de acción conxunta en defensa do futuro para a nosa industria do aluminio en Galicia e para a nosa industria do aluminio en Lugo e na Mariña de Lugo. Pero non vou pasar por alto que vostedes, o Bloque Nacionalista Galego, fagan, en modo de campaña, partidismo. Todos lembramos como Sánchez e o Bloque Nacionalista Galego —o deputado que teñen vostedes no Congreso, o único que teñen—, durante o debate de investidura —non hai tanto tempo—, presumiron de salvar Alcoa conxuntamente —o presidente do Goberno de España e o único deputado que teñen vostedes—. E dous meses despois todos podemos ver —os que estamos aquí e os que están fóra de aquí— como esa era outra mentira máis. O Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, vostedes, no ano 2020 asinaron un pacto —na primeira investidura de Pedro Sánchez— no que a medida estrela era un estatuto electrointensivo para as empresas grandes consumidoras de enerxía. Catro anos despois o seu futuro está no aire. O futuro destes traballadores está no aire. Porque...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ¿Teño que rematar, señor presidente?

O señor PRESIDENTE: Si, si, porque imos...

O señor BALSEIRO OROL: Porque as fábricas pagan hoxe o triplo —digo— do prezo da electricidade respecto do que paga Francia

Pero, iso si, vostedes terán que explicar por que no ano 2020 Alcoa —e termino, señor presidente— estaba operando ao cen por cento na planta de aluminio e na planta de alúmina en San Ciprián. No ano 2020 estaba operando. E vostedes firman un novo pacto para a investidura do señor Sánchez no ano 2023 e ¡que casualidade que vostedes fan desaparecer o que pedían no ano 2020!, que era un estatuto electrointensivo para empresas grandes consumidoras de enerxía. Neste momento Alcoa, cando vostedes firmaron o pacto no ano 2023, está operando un 20 por cento do que estaba operando no ano 2020, porque Alcoa agora ten pechadas as cubas, ten pechada a outra parte e está operando máis ou menos na fábrica de alúmina un 20 por cento.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BALSEIRO OROL: Termino, señor presidente, se me deixa facer unha aclaración.

O señor PRESIDENTE: Si, si, pero abreviando.

O señor BALSEIRO OROL: O Bloque Nacionalista Galego é capaz, pola mañá, de agarrarse ás pancartas e defender os traballadores de Alcoa e, pola tarde, agarrarse ás pancartas e recorrer os parques eólicos que lle teñen que dar electricidade para que Alcoa sexa competitiva.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Xa lle chegou, xa entendemos todos a cuestión.

O señor BALSEIRO OROL: Non, porque non sabe vostede o que ía dicir, pero o tempo acabouse.

CSV: BOPGDSPG-OJSBEFA6V-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Rolda de peche do grupo propoñente, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Isto é o máis lamentable ¿non? Aquí o que se está dirimindo é se hai que comparecer, se o Goberno galego —polo menos, o que temos de momento— ten que comparecer aquí para dar conta un pouco de cal é a situación, de que análise fai o Goberno, que información ten de primeira man —tanto da empresa como das outras administracións— e se vén render contas aquí a este Parlamento. Eu non teño nin idea nin do que vai votar o Partido Popular, aínda que intúo máis ou menos por onde irán as cousas.

¿Sabe que é o que non axuda nin á Mariña nin á produción de aluminio nin a este país? Este pim-pam-pum de a ver quen ten máis culpa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque, claro, aquí hai un prezo da enerxía, efectivamente, que se regula, por certo, por unha lei escrita polo Partido Popular e que non modificou o Partido Socialista, *pero está hecha de puño y letra y reformada en 2013 por el Partido Popular*. Entón, cando fixeron esa lei, señor Balseiro, igual lles puido acordar a vostedes que neste país había xa industrias altamente dependentes do prezo da electricidade.

En todo caso, se mo permiten, eu creo que neste punto a Alcoa o que menos lle importa é o prezo da luz. E á vista está que, cando anunciou que non ía rearrancar as cubas, do que menos falaba era do prezo da electricidade. Tempo tivo, se quixo firmar unha PPA, e non lle deu a gana. Pero non imos entrar aí, non imos entrar aí. Aquí o que está poñendo encima da mesa o BNG, o que queremos —e antes preguntábasenos se tiñamos estudada unha intervención, se era temporal...—, é que as administracións públicas non teñan que facer unha política industrial coma se fose un acto de fe. Porque aquí o que se nos pide é que confiemos cegamente no que nos di unha empresa que leva moitos anos mentindo, ocultando información, manipulándoa e xogando —se mo permiten— con todos os gobernos, co español e co galego.

A nós o que nos parece é que, se queremos ter garantías de que se manteñen os postos de traballo e, sobre todo, de que se mantén a produción de aluminio —e para iso tense que investir o que está comprometido en San Cibrao, ninguén di o contrario; quen ten que pagar é a multinacional neste caso—, se queremos ter garantías de que esa fábrica pode seguir producindo aluminio primario, é porque se poñen á fronte as administracións públicas. Por iso nós levamos defendendo, efectivamente, isto moitos anos. O BNG non cambiou a posición. Eu non vou valorar os acordos que fan os traballadores. ¡Deus me libre! Para iso teñen o seu comité de empresa e toman as súas decisións autonomamente. Pero iso non condiciona as posicións que creo que deben adoptar os gobernos ou os partidos políticos —neste caso o noso—.

Nós insistimos —que é o que se viña aquí resolver hoxe— en que ten que comparecer o Goberno galego independentemente da conxuntura na que nos atopemos. E dígoo porque hai moitísimas familias, porque non é só quen traballa directamente en Alcoa ou para unha empresa auxiliar. Toda a comarca depende dos postos de traballo e dos salarios que se pagan en Alcoa. Dicíannos o outro día —que estivemos reunidas alí en San Cibrao co comité de empresa— que había —e isto pode parecer unha tontería— ata unha tenda que vende bicicletas que está pendente de se segue producíndose aluminio primario alí en San Cibrao ou non.

CSV: BOPGDSPG-OJSBEFA6V-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós o que temos claro é que non imos permitir —diso poden estar absolutamente seguras— que pase o que pasou en Avilés e na Coruña; que, por confiar no que dicían as empresas, acabaron as fábricas pechadas, as dúas. Iso é o que este país non se pode permitir. Por iso nós cremos que esa intervención ten que ser a garantía para saber que aí se van manter os postos de traballo, pero, sobre todo, que se están desenvolvendo os investimentos necesarios para garantir que se siga producindo aluminio primario no noso país e —insisto— no conxunto do Estado español, xa que o único sitio onde se produce é en Alcoa-San Cibrao.

Nós veremos agora cal é o resultado da votación, pero cremos que o mínimo que se pode facer diante dunha situación coma esta —na que está pendente dun fío outra vez, por enésima vez, o mantemento da produción e da fábrica de aluminio en San Cibrao— é que o Goberno galego veña, compareza, dea explicacións e explique cal é a súa folla de ruta, coa información que teña de primeira man das distintas reunións que se viñeron desenvolvendo nos últimos días. Do contrario, eu o que non vou facer é usar isto e os postos de traballo para empezar a tirarnos os trastos uns á cabeza dos outros. Porque iso non nolo piden os traballadores nin lles soluciona o máis mínimo a vida, pero si que haxa información e transparencia; sobre todo unha folla de ruta clara sobre qué é o que vai pasar e qué é o que vai acontecer na Mariña e na fábrica de aluminio en San Cibrao.

E máis nada, de momento.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Votación da solicitude de convocatoria da Deputación Permanente

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos á votación do documento 63916, das seis deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego pertencentes á Deputación Permanente.

Votación da solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente, presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, co obxecto de que compareza o presidente da Xunta de Galicia para explicar as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante dos incumprimentos de Alcoa-San Cibrao e a ameaza de peche da factoría.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 13.

Polo tanto, queda rexeitada esta solicitude.

O señor PRESIDENTE: Termina aquí a orde do día.

Bo día a todas e a todos.

Remata a sesión ás once e corenta e catro minutos da mañá.

CSV: BOPGDSPG-OJSBEFA6V-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-OJSBEFA6V-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/